

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Morte

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Micromitos 217: Cheira a cera queimada

Entre os avisos que se di anuncian a morte de alguén da familia ou da veciñanza un dos máis coñecidos consiste en percibir o cheiro a cera queimada. Sobre isto podó contar o que me pasou cando eu andaba entre os oito e os dez anos. Sucedeu na miña aldea, en Zoñán (Mondoñedo).

Resulta que unha veciña da porta que se chamaba Lola deu a luz unha nena e parece que a criatura non chegaba a este mundo con moita saúde, segundo lembro que se comentaba na miña casa.

A cousa foi que ao día seguinte ou a ao outro máis, eu fun canda o meu avó alindar as vacas a un pasteiro algo distante das casas. Ao regresarmos, ao pasar pola congostra do Carballiño, un camiño fondo e escuro aínda que fose ben de día, eu sentín un cheiro forte a cera ardendo. Naquel instante, vese que eu xa escoitara falar do que significaba aquel cheiro sen ter unha candeia candente diante, pensei no que puidera pasar.

Cando chegamos á casa, confirmouse ou que eu sospeitara. A nena de Lola acababa de falecer, probablemente xusto no intre no que eu percibira o cheiror.

